

NOME E APELIDOS:	NOTA	Nº
CURSO:		

1) COMPLETA CORRECTAMENTE AS 8 DEFINICIÓNS SOBRE OS SEGUINTE ELEMENTOS XEOMÉTRICOS E PLÁSTICOS (Olla hai 2 definicións falsas) Puntuación máxima: 4 puntos (0,50 puntos cada definición correcta)

A) LIÑAS PARALELAS
B) BISECTRÍZ DUN ÁNGULO
C) XOGO DE ESCADROS
D) ÁNGULO AGUDO E ÁNGULO OBTUSO

E) FORMA
F) MANCHA
G) LIÑA
H) SIGNO

- Este concepto refírese as tres dimensións dos obxectos (ancho, alto e profundidade) Chamamos deste xeito a todo elemento que ten un contorno e unha estrutura.
- Son os instrumentos axeitados para o debuxo técnico. Empregamos sobre todo a escadra e o cartabón. As dúas plantillas teñen forma de triángulo rectángulo. A escadra ten un triángulo Isósceles e o cartabón un triángulo escaleno.
- Son os instrumentos axeitados para o debuxo técnico. Empregamos sobre todo a escadra e o cartabón. As dúas plantillas teñen forma de triángulo agudo. A escadra ten un triángulo escaleno e o cartabón un triángulo obtuso.
- É aquel que é menor de 90° . O segundo é aquel ángulo que é maior de 180°
- É unha semirrecta que divide un ángulo en dúas partes iguais e que ten a súa orixe no vértice.
Son aquelas liñas que manteñen sempre a mesma distancia entre sí e non se cortan.
- É o trazo que deixa un punto en movemento sobre a superficie do debuxo. Pódese trazar con moitos instrumentos e sobre diversos materiais. Segundo o seu trazado pode ser: recta, curva, poligonal ou quebrada ou mixta.
- É o trazo que deixa unha punta en movemento sobre a superficie do debuxo. Pódese trazar con moitos instrumentos e sobre diversos materiais. Segundo o seu trazado pode ser: rompida, continua, discontinua ou paralela.
- É unha parte da superficie que ten unha cor ou unha textura diferentes ó resto. É un recurso plástico que produce sensacións de frescura, espontaneidade de liberdade creativa.
- Na linguaxe visual, este elemento pode ser un punto unha liña ou un trazo do lápis sobre o papel ou sobre calquera outro tipo de superficie.

2) COMPLETA O CADRO ADXUNTO SOBRE A UNIDADE 3 "A COR" NA COLUMNA DA ESQUERDA TES AS DEFINICIÓNS QUE TES QUE ESCOLLER SINALIZADAS CUNHA LETRA.
Puntuación Máxima: 2 puntos (0,25 décimas cada definición correcta)



A) **Esquema circular para ordear as cores.** Estas pódense ordear en función das mesturas que podemos facer coas tres cores básicas. Tamén as podemos ordear por familias ou gamas: gama de cores cálidas ou gama de cores frías.

B) Obtéñense mesturando as cores primarias de dous en dous (por pares). Son: **o verde, o naranxa e o violeta.**

C) Obtéñense mesturando unha cor primaria con outra secundaria. Son: **amarelo-verdoso, azul-verdoso, azul púrpura, bermello e amarelo-naranxa.**

D) Na súa orixe, non intervén ningunha outra cor. Estas cores son: **amarelo, maxenta e azul cyan.**

CORES PRIMARIAS



CORES SECUNDARIAS



CORES TERCIARIAS



CÍRCULO CROMÁTICO



3) INTERPRETA, BASEANDOTE NA COMPOSICIÓN PICTÓRICA PROPOSTA DO PINTOR ANDRÉ DRAIN UNHA COMPOSICIÓN FIGURATIVA PUNTILLISTA: Na túa composición deberán intervir elementos básicos da plástica, puntos, formas, ritmos e texturas visuais. Emprega lápiz e rotuladores de cores.

Puntuación Máxima: 4 puntos

